

# REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CONSELLO CONSULTIVO DO DEPORTE

## CAPÍTULO I

### O CONSELLO CONSULTIVO

#### **Artigo 1.-**

Nos termos establecidos polo **artigo 15 dos Estatutos do Organismo Autónomo Local de Deportes: Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Concello de Vilagarcía.**

O Consello Consultivo do Deporte ten como **función, misión e obxecto**, a axeitada participación dos diferentes axentes sociais e da sociedade civil no desenvolvemento das actividades da Fundación de Servizos Deportivos Municipais.

No cumprimento dos seus fins e o exercicio das funcións que lle incumben na representación dos intereses do sector deportivo no ámbito do Concello de Vilagarcía, as entidades con dereito a formar parte do Consello acordan regular o seu funcionamento polo presente Regulamento de Réxime Interno.

#### **Artigo 2.- Demarcación Territorial**

**A demarcación territorial** de referencia para ter dereito a formar parte do Consello é a do Concello de Vilagarcía. Terán dereito a formar parte do Consello Consultivos as entidades domiciliadas no termo municipal do Concello de Vilagarcía.

#### **Artigo 3.- Funcións**

As funcións do Consello Consultivo son as establecidas no artigo 16 dos citados Estatutos do Organismo autónomo Local de Deportes:

- Recibir información, elevar propostas e emitir informes que no seu caso lle sexan requiridos, sobre as actividades que constitúen os fins e competencias da Fundación de Deportes.
- Nomear a 5 membros do Consello Consultivo para a representación no Consello Rector.

É competencia do Consello Consultivo aprobar o presente Regulamento de funcionamento interno a través da súa Asemblea Xeral.

#### **Artigo 4.- Domicilio**

O domicilio do Consello Consultivo a efectos de notificacións e comunicacións, pendente de emprazar.

## CAPÍTULO II.

### COMPOSICIÓN E ORGANIZACIÓN INTERNA

#### **Artigo 5.- Composición**

Forman parte do Consello Consultivo do Deporte as **entidades** que desenvolver a súa actividade **no municipio** e teñan a condición de:

- **Clubs/Entidades Deportivas inscritos no Rexistro de Clubs/Entidades Deportivas da Fundación de Deportes.**
- **Asociacións de Veciños rexistradas no concello de Vilagarcía con Actividades Físico-Deportivas.**
- **Asociacións de Nais-Pais de Alumnos dos centros educativos do concello de Vilagarcía.**
- **Un profesor de Educación Física por cada centro educativo do concello de Vilagarcía.**

As que subscriben a acta de aprobación do presente regulamento de réxime interno e as que, no sucesivo, podan adherirse nos termos e condicións establecidas nos Estatutos da Fundación de Deportes e neste Regulamento.

A **solicitud de adhesión** deberá efectuarse por escrito ao Presidente do Consello Consultivo, resolvendo este provisionalmente e correspondendo á Asemblea Xeral a ratificación de dita resolución na primeira reunión que se celebre despois da solicitude.

As solicitudes de adhesión soamente poderán ser **denegadas** por non reunir ou non acreditar a condicións e os requisitos establecidos nos Estatutos da FUNDACIÓN DE DEPORTES.

A adhesión ao Consello Consultivo implica a **aceptación** do Regulamento de Réxime Interno e conleva as obrigas e dereitos que no mesmo se establecen.

En todo caso, o consello consultivo renovarase dentro dos tres meses seguintes á renovación da Corporación Municipal.

#### **Artigo 6.- Censo de Membros**

As entidades que ostentan a condición de membros do Consello Consultivo se inscribiran no censo de membros.

En dito censo farase constar a persoa física que actúe en representación da entidade. En el deberán inscribirse as modificacións que podan producirse.

#### **Artigo 7.-**

Como anexo ao presente Regulamento, acompáñase a relación de entidades que subscriben a acta de constitución inicial da Asemblea Xeral.

#### **Artigo 8.- Representante no Órgano Consultivo**

Corresponde a cada **entidade** segundo seu propio *sistema de adopción interna de acordos*, elixir ao seu representante no Consello Consultivo, puidendo modificar dita designación en calquera momento de acordo coas súas propias normas internas.

Dita modificación deberá **comunicarse** ao Presidente do Consello Consultivo para proceder á correspondente anotación no censo de entidades.

O **representante** de cada entidade exercerá o dereito dos seus representados con voz, e intervirá nas votacións a través do sistema dun voto por entidade.

A condición de representante é delegable, cesando esta representación nos mesmos termos e condicións que os previstos no artigo 8 deste Regulamento.

A representación ou delegación exercerase sempre por unha persoa física, non sendo lícita a conferida a persoa xurídica.

### CAPÍTULO III.

#### ÓRGANOS DE FUNCIONAMIENTO.

##### **Artigo 9.- Asemblea Xeral e Comisións Sectoriais.**

Son órganos do Consello Consultivo do Deporte, de acordo cO establecido no artigo 15 dos Estatutos da FUNDACIÓN DE DEPORTES: A Asemblea Xeral e as Comisións Sectoriais.

#### SECCIÓN I.- A ASAMBLEA XERAL.

##### **Artigo 10.-**

A Asemblea Xeral é o **órgano supremo do Consello Consultivo** e estará constituída polos Representantes ou os seus Delegados que, como representantes das entidades asociadas, sexan elixidos nos termos establecidos no artigo 8 deste Regulamento.

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, deberán ser **convocadas** polo Presidente, de conformidade có establecido no artigo 11, e 13 do regulamento.

A Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran, presentes ou representados, a maioría dos seus membros, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de membros concorrentes. Entre unha e outra deberá mediar un prazo de media hora.

##### **Artigo 11.-Competencias**

A Asemblea Xeral, ademais das **competencias** recoñecidas nos Estatutos da Fundación de Deportes e de organización no presente regulamento, lle corresponde nomear de entre as persoas físicas que ostenten a representación ou delegación das entidades membros, a *un/ha Presidente/a e a un/ha Secretario/a*.

*O sistema de elección dos cinco representantes do consello rector, será mediante a presentación da candidatura e votación dos representantes de cada entidade, tal como ven reflexado no artigo 13 do regulamento.*

Destas **cinco persoas, catro** teñen que ser elixidos entre os representantes dos **Clubs/Entidades Deportivas, e unha persoa** entre os representantes das **Anpas, AAVV e Profesores de Educación Física**.

*Dentro dos representantes da asemblea xeral, serán elixidos cinco persoas que pasarán a formar parte do Consello Rector da Fundación de Deportes, destes cinco representantes nunha segunda votación, o que teña o maior número de votos será nomeado presidente, e o segundo vicepresidente.*

*O secretario será elixido pola asemblea, puidendo ser de entre os cinco representantes ou no.*

A elección do Presidente, Secretario pola Asemblea Xeral farase por medio de convocatoria con, alomenos, *dez días de antelación á data da súa celebración*.

Dita Asemblea Xeral será presidida polo representante de *máis idade* e exercendo de *Secretario o representante de menor idade*, sempre que ningún deles teña a condición de candidato, ou veñan ostentando algún de ditos cargos. En este caso a mesa de idade formarase pola seguinte persoa por orden de idade que corresponda.

## **Artigo 12.- O Presidente**

O Presidente da Asemblea Xeral ten **facultades** para *convocar a Asemblea, dirixir as súas sesións, moderando os debates, levantándoa* cando non existan máis asuntos que tratar ou cando transcorrera un tempo que aconselle a suspensión, en cuxo caso a sesión continuará noutra data próxima, sen necesidade de nova convocatoria, de acordo coa maioría dos asistentes.

## **Artigo 13.- Votacións**

As votacións serán, segundo se dispoña pola Asemblea Xeral, **nominal ou secreta**.

A *primeira* verificarase lendo o Secretario a Lista de Asistentes a Asemblea, contestando estes, pola orden que sexan nomeados, SI ou NON, segundo seu voto sexa de conformidade o disconformidade coa proposta.

A *segunda*, a votación secreta farase utilizando papeletas.

## **Artigo 14.-**

Ningún dos presentes na Asemblea Xeral poderá abandonar a sala durante as votacións.

## **Artigo 15.- Publicacións**

O Consello Consultivo do Deporte poderá *facer públicos os acordos* que adopte, a través dos medios de comunicación Social, exceptuando, se o xulga convinte, os de réxime interino. Sempre que a Presidencia o estime oportuno, previo acordo de Asemblea Xeral, poderá aceptar que asistan ás sesións representantes da Prensa e Radio ou TV, ou que estas sexan públicas.

## **Artigo 16.- Actas**

O *Secretario* levantará *acta* de cada sesión, certificándoa con súa firma e o visto bo do Presidente, quedando custodiadas baixo a responsabilidade do Secretario.

## **Artigo 17.- Duración**

O *presidente/a e secretario/a* elixidos pola Asemblea Xeral terán unha **duración** no cargo de **catro anos**, podendo acordar, en calquera momento, súa separación.

Poden ser tamén reelixidos, sen máis limitacións que as establecidas na Lei, os Estatutos da Fundación de Deportes, e as Disposicións de este Regulamento.

Se **perderá** a condición de *Presidente/a ou Secretario/a*, nos supostos e casos previstos no artigo 8 do presente Regulamento, e pola perda da condición de membro da Entidade da que sexa representante ou delegado.

## **Artigo 19.- Suplentes**

A Asemblea Xeral potestativamente poderá nomear a un Vice-Presidente e un Vice-Secretario, así como designar a unha lista de suplentes dos cinco representantes da asemblea xeral, que substitúan en caso de cese, ausencia, renuncia ou incompatibilidade aos titulares.

## **Artigo 20.- Convocatorias**

A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario alomenos *dúas* veces durante o ano, e con carácter extraordinario sempre que se convoque polo Presidente.

A Convocatoria, tanto das reunións ordinarias como extraordinarias, realizarase alomenos con *cinco días naturais antes da súa data de celebración*, e á convocatoria acompañarase a relación da documentación sobre a que no seu caso vaia versar o debate ou acordos propostos, con indicación de que a mesma está a disposición no lugar e no horario que se indique na convocatoria.

De dito prazo exceptúase a convocatoria de Asemblea Xeral na que se vaia a elixir ao Presidente e/ou Secretario, e/ou vocais que deberán ser convocadas no prazo especial previsto no presente regulamento.

### **Artigo 21.-**

O desempeño do cargo de Presidente, Secretario e vocais é a **título gratuito**, sen prexuízo de que a Asemblea Xeral poda acordar a compensación dos gastos en que estes poidan incurrir.

### **Artigo 22.- Facultades**

O Presidente da Asemblea Xeral, ademais das atribucións que lle asignan os Estatutos da Fundación de Deportes, ten as seguintes facultades:

- 1.- Asumir e levar a representación do Consello Consultivo do Deporte ante a Fundación de Deportes.
- 2.- Presidir a Asemblea Xeral, dirixindo os debates e resolvendo os empates con seu voto de calidade.
- 3.- Realizar as ordes de convocatoria e aprobar a Orde do Día.
- 4.- Visar as actas e as certificacións que dos acordos deban librarse.
- 5.- Velar pola puntual execución e o exacto cumprimento dos acordos.
- 6.- Delegar súa representación, con carácter permanente ou accidental.
- 7.- Recibir a todas as entidades que forman parte do Consello que o desexen, dispoñendo o procedente para atendelos nas súas peticións e propostas.
- 8.- En xeral, disporá canto teña por convinte para a boa marcha das actividades do Consello Consultivo dando conta á Asemblea Xeral.

### **Artigo 23.- Delegacións**

O *Presidente*, poderá delegar facultades concretas e determinadas no *Vicepresidente*, no *Secretario*, ou no *representante de cada Comisión sectorial* que esta designe, dando conta á Asemblea Xeral.

O *Vicepresidente* substituirá ao Presidente en todas súas funcións nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante.

### **Artigo 24.-**

O *Presidente*, *Secretario* e os *tres vocais* elixidos pola Asemblea Xeral, participarán no Consello Rector da Fundación de Deportes, segundo o disposto no artigo 10 dos seus Estatutos.

## **CAPÍTULO IV.**

### **SECCIÓN II. - COMISIÓNS SECTORIAIS.**

#### **Artigo 25.-**

A Asemblea Xeral poderá constituír Comisiones Sectoriais para estudar un problema determinado, relacionado coa súa actividade, obxecto e fins.

Terá como **función** a elaboración e emisión dos informes correspondentes, a súa misión é a de elaborar propostas, que en ningún caso serán vinculantes, e que precisan de ser ratificadas pola Asemblea Xeral con carecer previo a súa elevación como proposta á Fundación de Deportes no seu caso.

## **CAPÍTULO V.**

### **REXIME E XESTIÓN ECONÓMICA.**

#### **Artigo 26.-**

O Consello Consultivo non contará con recursos propios nin independentes do das entidades que o forman, correspondendo a estas asumir, segundo acorde a Asemblea Xeral, os gastos que o seu funcionamento poida xerar.

## **CAPÍTULO VI.**

### **RÉXIMEN DISCIPLINARIO.**

#### **Artigo 27.-**

Aos efectos do incumprimento das disposicións de réxime interno e dos acordos adoptados, graduaranse as faltas como moi graves e leves.

Son **faltas graves**:

- Facer ostentación e uso abusivo do cargo que se desempeñe, en beneficio particular.
- Atentar contra o prestixio, a reputación e o bo nome do Consello Consultivo, da Fundación de Deportes, ou do que representan, sempre que se lle cause un prexuízo grave e irreparable.

Son **faltas leves**:

a) A *ausencia*, sen xustificación, a tres reunións da Asemblea Xeral.

b) A *desconsideración*, de palabra ou obra, cara outros membros do Consello, no desenvolvemento das actividades propias deste.

- *Atentar contra o prestixio*, a reputación e o bo nome do Consello Consultivo, da Fundación de Deportes, ou do que representan, sempre que con elo non se lle cause un prexuízo grave e irreparable.

Calquera outra infracción aos acordos da Asemblea Xeral, que non sexan os expresamente determinados nos apartados anteriores como faltas graves, terán a consideración de falta leve.

### **Artigo 28.-**

O **Procedemento Sancionador**, que se inicie ante a comisión de unha falta, comporase das seguintes fases:

- 1.- Iniciación do Expediente Sancionador e nomeamento de Instructor por parte do Presidente.
- 2.- Actividade probatoria e confección do Prego de Cargos.
- 3.- Proposta de Resolución.
- 4.- Resolución.

De todas estas fases procesais darase traslado á persoa contra quen se dirixa o Expediente, tomando como referencia os termos establecidos na Ley de Procedimiento Administrativo coa debida adaptación que sexa precisa.

### **Artigo 29.-**

O organismo competente para resolver o **Expediente Sancionador** é a Asemblea Xeral. Contra a resolución da mesma poderá ser interposto potestativamente recurso de reposición. A resolución que adopte a Asemblea Xeral pon fin á vía interna do procedemento, podendo as partes acudir ante a xurisdicción ordinaria.

### **Artigo 30.- Sancións**

As **sancións** que recaerán nos expedientes, cando se estime o feito como constitutivo dunha infracción, serán as seguintes:

- a) Para as **faltas graves**, perda do posto que ostente.
- b) Para as **faltas leves**, apercibimento.

A reiteración na comisión de *duas ou máis faltas leves*, será unha circunstancia modificativa da responsabilidade, e determinará a imposición da sanción como grave.

En Vilagarcía de Arousa, a 10 de Febreiro do 2012